



1- Recoñecementos de materias entre as titulacións de Grao en Comunicación Audiovisual e Grao en Economía da Universidade de Santiago

A Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais acordou informar positivamente e elevar a seguinte proposta de recoñecementos de estudos de Grao en Comunicación Audiovisual da Universidade de Santiago de Compostela (USC) polo de Grao en Economía tamén da USC.

1.- FORMACIÓN BÁSICA DA RAMA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS DO GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (FB)

Código	Nome	Créditos
G3041101	Identidade Cultural e Sociedade da Información	6
G3041102	Fundamentos de Economía da Información	6
G3041103	Historia da Comunicación Audiovisual	6
G3041104	Institucións Políticas e Movementos Sociais	6
G3041105	Documentación Audiovisual	6
G3041106	Dereitos da Comunicación e da Autoría	6
G3041205	Teorías e Métodos da Comunicación e da Cultura	6
G3041203	Estatística Aplicada á Comunicación Audiovisual	6
G3041204	Industrias Culturais	6
Total		54

Recoñécense os 54 créditos de FB da rama de ciencias sociais e xurídicas coas seguintes especificidades:

- a. De ter superados os 54 créditos de FB da rama de ciencias sociais e xurídicas o solicitante deberá cursar a materia G3061102 Contabilidade Xeral I do Grao en Economía para completar os 60 créditos de FB establecidos na titulación. Recoméndase, ós efectos de completar as carencias formativas derivadas deste recoñecemento, a matrícula nas seguintes materias: G3061109 Administración de Empresas, G3061106 Microeconomía I, G3061105 Matemáticas para Economistas I e G3061110 Matemáticas para Economistas II.
- b. De non ter superados os 54 créditos de FB serán os Centros os responsables de informar tanto das materias de FB que terá obrigatoriamente que cursar o solicitante como das que se recomenda a súa matrícula.